

Iñaki Martínez Antelo

No proceso de produción da película *Traballos temporais*, Diego Santomé (Vigo, 1966) mencionaba o seu empeño en enlazar a arte coa vida dunha forma máis directa, impulsado por unha insistente necesidade de compartir, de provocar un proceso de intercambio de situacións nas cales o artista fose capaz de alterar o curso do cotián. Hai na súa traxectoria unha actitude ante a obra de arte que nos obriga a cuestionarnos sobre o sentido de moitos dos discursos artísticos do noso tempo. Todo, tanto no seu pensamento coma nas súas accións, xira en torno a preguntas coma: para qué serve a arte?, A quen chega a arte contemporánea?, en qué consiste ser artista?, ou, cal é a función que a arte pode ou debe desempeñar na sociedade de hoxe?

A vertente social que posúen os seus traballos provén dun interese do artista por xerar un *feedback* que se volve parte da obra, que permanece sempre coma un elemento sempre cambiante que vai achegando significados. Ata o momento, as pezas de Santomé mostraban timidamente o artista intentando comunicarse connosco, camuflado nas súas performances (*75 kg. 400 gr.*, *Corte de pelo y otras acciones* [Corte de pelo e outras accións]), compartindo o seu día a día por teléfono (*Un teléfono para hablar conmigo* [Un teléfono para falar comigo]) ou ofrecéndonos a súa colección de arte (*Fundación Diego Santomé*). Cando se presenta a posibilidade de realización dun proxecto para o Espazo Anexo do MARCO, o artista toma a decisión de traspasar os límites habituais do espazo e tempo expositivos, de ir alén e desenvolver unha obra en proceso con varias fases consecutivas, baseándose nunha reflexión sobre a relación entre arte e vida, en como un artista pode partir da realidade social máis inmediata para dar sentido ás súas obras. *Traballos temporais* mostra, por primeira vez, o artista libre, o ser que elixiu unha forma de existir a través da arte, tras encontrar a diferenza entre o ser e o non ser.

O eixe do proxecto, ou máis ben o seu punto de partida, é a realización de accións cun beneficio social concreto e con consecuencias directas sobre persoas e colectivos. Para iso destinouse unha parte dos recursos previstos para a produción da exposición á mellora de aspectos materiais na vida de varias persoas. Individuos con nomes e apelidos para cuxa localización e colaboración contou co asesoramento de distintas entidades, principalmente o equipo multidisciplinar do Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo. O contacto directo e continuado cos protagonistas favoreceu unha proximidade e familiaridade que está moi lonxe de calquera indiscreción ou paternalismo, riscos inevitablemente latentes nun proxecto desta natureza.

Non podo senón entender esta película coma un punto de inflexión na coherente carreira de Diego Santomé, un traballo de madurez que engloba en case unha hora todas as formulacións que viña esparexendo peza por peza. O título *Traballos temporais* leva implícitos varios aspectos clave que son comúns a toda a súa obra: a idea do artista como obreiro, como traballador autónomo –a rutina cotiá, o espertador que soa, o desprazamento ao lugar de traballo-, o convencemento de que a arte a facemos entre todos (artistas, xestores e espectadores) e o papel do museo como produtor de cultura. En definitiva, o intercambio social debedor das constantes relecturas da *Estética relacional*, de Borriaud, e a herdanza do cine de Tarkovsky ou de Sokurov. A partir destas reflexións sobre a función da arte e do artista, e coas accións desenvolvidas nas vivendas dos protagonistas como materia prima, Diego Santomé

constrúe o relato cinematográfico. Todo o proxecto se levou a cabo coa rutina temporal dun traballo de campo: reunións con asistentes sociais, visitas aos domicilios e sedes, entrevistas, planificación de tarefas, etc. E sempre en compañía da súa cámara mini DV de alta definición. A fase de traballo nas vivendas, que se prolongou durante varios meses, íase entrecendo co traballo de gravación e posproducción das imaxes.

Son , pois, historias “reais” que se articulan nun tempo e lugar determinados, próximas ao xénero documental. E non obstante, nada mais lonxe da realidade. Desde o primeiro fotograma comeza un fascinante xogo entre realidade e ficción, composto por “ficcións de realidades” habitadas, producidas e construídas polo artista, en que todo o que estamos vendo –cada secuencia medida, cada fotograma- forma parte do relato que el elixiu contarnos. De momento, o que se nos ofrece é un espazo convertido en sala de cine e unha película que condensa toda a súa experiencia creativa dos últimos meses. Unha experiencia, unha percepción da non-realidade, unha “habitación dos desexos” - así se titulaba a peza nun primeiro momento- da cal todos, en especial os espectadores, somos protagonistas.